



Ordenanza Fiscal N° 10: REGULADORA DA TAXA POLO USO DE COLUMNAS E OUTROS BENS DO DOMINIO PÚBLICO PARA FIXAR E EXHIBIR ANUNCIOS.

PUBLICACIONEES:

INICIAL, BOP 31/12/98
MODIFICACIÓN, BOP 24/12/2011
MODIFICACION, BOP 29/12/2012
MODIFICACION, BOP 23/12/2013
ULTIMA MODIFICACION BOP 31/12/2014

Concepto

Art. 1º.- De acordo co disposto nos art. 15 a 19 do RDL2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei reguladora das facendas locais), este concello establece a taxa polo uso de columnas e outros bens do dominio público para fixar e exhibir anuncios. Esta taxa derívase igualmente da normativa que se contén na Lei 25/98, do 13 de xullo, modificadora do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenamento das prestacións de carácter público.

Obxecto

Artigo 2.-

O obxecto da taxa regulada nesta ordenanza é a utilización de columnas e outros bens do dominio público para fixar e exhibir anuncios.

Obriga de pagamento .

Artigo 3.- Están obrigados ao pagamento da taxa regulada na presente ordenanza as persoas ou entidades que teñan ao seu favor outorguen as licencias, ou aqueles que se beneficien do aproveitamento de proceder sen a oportuna autorización.

Contía

Artigo 4.- A contía desta taxa fixarase de acordo coas tarifas seguintes:

- Por cada columna, ao mes: 12,41 €.

- Por anuncios en espazos públicos e instalacións deportivas: 0,10 €/m²/día.

A superficie dos letreiros determinarase atopando a área do rectángulo na que se poida enmarcar o rótulo ou cartel, incluídos a armadura ou marco e os deseños, orlas, figuras ou liñas que o encadren.

- Reparto de propaganda publicitaria:

Panfletos na vía pública: 0,014 €/unidade.

Normas de xestión

Artigo 5.-

1. As contías esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento.
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión dos aproveitamentos regulamentados nesta ordenanza vense obrigados a presentar con antelación a licenza correspondente.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

3. Unha vez autorizada a ocupación, de non se determinar con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogado ata a presentación da declaración de baixa dos interesados.

4. A presentación da baixa xurdirá efectos a partir do primeiro día do período natural de tempo sinalado na tarifa. A non presentación da baixa obriga a seguir abonando a taxa."

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno Municipal na reunión do 13 de novembro de 2014, substitúe e derroga á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2015, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derrogada expresamente.